PREGUNTAS FRECUENTES

Plataforma de reservas de ensaios con piano

A plataforma permite xestionar as reservas dos ensaios con piano do alumnado do Conservatorio. A continuación, recollemos as preguntas máis habituais sobre o acceso, o funcionamento das reservas e as comunicacións.

1. ACCESO Á PLATAFORMA

Como accedo á plataforma por primeira vez?

Para acceder por primeira vez, preme na opción «Esqueciches o teu contrasinal?». Recibirás un correo electrónico no enderezo que figura na matrícula do alumno ou alumna, coas instrucións para establecer un novo contrasinal.

Cal é o meu nome de usuario?

Podes acceder utilizando:

- O enderezo de correo electrónico que figura na base de datos do Conservatorio.
- O número de expediente do alumno ou alumna.

Unha vez introducido o usuario, escribe o teu contrasinal para acceder.

Somos varios irmáns matriculados no Conservatorio. Como debemos acceder?

Debedes acceder utilizando o número de expediente de cada alumno ou alumna. Se isto provoca algún problema de acceso, será necesario vincular un enderezo de correo electrónico diferente a cada irmán. Para realizar este cambio, contactade co Conservatorio.

2. RESERVAS DE ENSAIOS

Con canta antelación debo realizar a reserva?

As reservas deben realizarse cunha antelación mínima de 5 días e máxima de 12 días.

Como podo escoller o horario do ensaio?

Cada alumno ou alumna ten asignado un pianista acompañante. Ao realizar a reserva, poderás escoller entre os horarios que este pianista teña dispoñibles na plataforma.

Onde podo consultar as reservas que xa realicei?

Podes consultar todas as túas reservas no apartado «Panel do estudante» da plataforma.

Cantos ensaios debo realizar antes dunha audición?

Como orientación, recoméndase realizar tres ensaios con piano para preparar a participación nunha audición. Non obstante, o pianista acompañante poderá indicarche a conveniencia de realizar algún ensaio adicional, se o considera necesario.

Cantos ensaios podo reservar por semana?

Poderás reservar un único ensaio dentro de cada semana natural, de luns a venres.

Canto dura cada ensaio?

A duración depende do curso do alumno ou alumna:

- 1º, 2º e 3º de Grao elemental: 15 minutos.
- 4º de Grao elemental e de 1º a 6º de Grao profesional: 30 minutos.

3. CANCELACIÓNS E FALTAS DE ASISTENCIA

Que debo facer se non podo asistir a un ensaio que xa teño reservado?

Se non podes acudir, debes cancelar a reserva a través da propia plataforma. Para facelo, despregа as opcións premendo na icona do lapis e selecciona o botón vermello «Cancelación».

Que sucede se non cancelo e non acudo ao ensaio?

Se non cancelas a reserva e non te presentas ao ensaio, o pianista rexistrará unha falta de asistencia.

4. COMUNICACIÓNS

Como recibirei as comunicacións relacionadas coas reservas?

Todas as comunicacións relativas á xestión das reservas enviaranse por correo electrónico aos enderezos vinculados ao alumno ou alumna, aos seus titores ou titoras e aos pianistas acompañantes.

Podemos recibir as comunicacións en varios enderezos de correo electrónico?

Si. As familias poden solicitar que as comunicacións se envíen tamén a outros enderezos de correo electrónico. Para engadir enderezos adicionais, debedes comunicalo ao Conservatorio.

5. BIBLIOTECA DE PARTITURAS

Onde podo consultar ou descargar as partituras?

A plataforma dispón dunha biblioteca de partituras desde a que poderás descargar os materiais dispoñibles. Esta biblioteca está actualmente en proceso de creación, polo que polo momento aínda conta con poucos recursos. Irase ampliando progresivamente.

Tes algunha dúbida ou problema co acceso ou coas reservas?

Ponte en contacto co Conservatorio e axudarémosche a resolvelo.